

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E O CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO) PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN DESTINADA A FINANCIAR UN PROGRAMA DE CATRO ACTUACIÓNS QUE CONTRIBÚEN A MELLORAR AS CONDICIÓNIS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE NA ÁREA REXUBE DE MONDOÑEDO. C-IGVS01/2024.

I.- ANTECEDENTES E MARCO NORMATIVO

I.1. A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1. da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, polo que, na súa virtude aprobouse o Pacto da vivenda de Galicia 2021- 2025, no que se recollen as liñas de actuación pública na materia e que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I.2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.), ao cal lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de alcanzar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Deste xeito, e en virtude do artigo 2 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, este organismo ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e de plena capacidade de obrar, contando



cos instrumentos de dereito público e privado propios da súa natureza para o cumprimento das súas facultades. Por iso, o IGVS poderá adquirir, vender, posuír, reivindicar, permutar, ceder gratuitamente ou mediante prezo, arrendar e administrar o seu patrimonio.

Así mesmo, segundo o artigo 4.1 da citada Lei, entre as funcións do IGVS atópanse: g) (...) a rehabilitación pública de vivendas e equipamentos (...); m) (...) o fomento da rehabilitación e construción de todo tipo de vivendas (...); e o) o fomento da mellora e da rehabilitación da vivenda rural.

1.3.- As políticas públicas en materia de vivenda, ademais de posibilitar que a cidadanía poida exercer o seu dereito, constitucionalmente recoñecido, a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada, deben incidir noutros obxectivos tamén básicos, en consonancia coas tendencias europeas, tales como a cohesión social, a sustentabilidade do territorio, a recuperación do patrimonio construído, a eficiencia enerxética do parque residencia, etc.; sen esquecer o papel fundamental da construción e a rehabilitación de vivendas como sector fundamental xerador de actividade económica e de emprego.

Neste sentido, o Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, dentro da Liña Extratéxica B, Eixe 1 (Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbanas), programa 5, relativo ás Áreas Rexurbe, considera determinadas actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico, toda vez que nestas áreas se precisa unha maior implicación das administracións, autonómica e local, para dinamizar e revitalizar o seu ámbito.

Ademais, contéplanse, entre outras, actuacións de fomento de accesibilidade e sustentabilidade do desenvolvemento urbano, a urbanización e reurbanización para a mellora das zonas urbanas públicas, da súa accesibilidade e da dotación dos espazos libres e equipamentos públicos, e a renovación e a mellora de infraestruturas básicas, que en definitiva son actuacións que perseguen unha finalidade pública na mellora destes espazos. Mellora que debe xurdir do deseño de accións coordinadas que doten de vitalidade estas zonas e as fagan atractivas como ámbitos de residencia e actividade.



I.4.- Por outra banda, é moi significativo como a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración urbanas de Galicia, ven a confirmar como a rehabilitación e a reutilización dos espazos residenciais abandonados ou degradados, xa sexa nas cidades, nas vilas ou nos núcleos rurais, xogan un papel fundamental nas políticas de vivenda como solución eficiente, sustentable e de futuro á hora de dar resposta ás necesidades de vivenda da poboación, de conservar o patrimonio construído e de minorar os impactos no medio. E neste senso, a intervención pública é fundamental para impulsar e fomentar a recuperación do construído.

Consecuentemente, considérase necesario contar con actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, especialmente naqueles espazos máis vulnerables e abandonados, coa finalidade de mellorar as edificacións e os espazos públicos e de servir ademais de instrumento para o desenvolvemento económico, ca finalidade de satisfacer o interese xeral na preservación do noso patrimonio edificado, de dinamizar as nosas vilas e cidades e de mellorar a calidade de vida de todos os galegos e as galegas.

En definitiva, trátase de impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, ao facilitar as intervencións das persoas particulares e ao coordinar as políticas públicas nesta materia. Igualmente este tipo de actuacións permitirán dar resposta ás necesidades de actuación nas vivendas e nos locais, mellorar os servizos e as infraestruturas, integrar as políticas de protección do patrimonio cultural, atender as necesidades de mobilidade das persoas residentes e fomentar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables en consonancia coas directrices europeas.

A sinalada lei pon especial énfase, ademais da rehabilitación dos edificios, na rexeneración urbana de áreas degradadas a través da realización de plans de viabilidade, diagnose e integración, en prol de conseguir a recuperación e a accesibilidade dos espazos urbanos e de posibilitar o deseño de programas dirixidos ao asentamento da poboación.



Cómpre sinalar que naqueles ámbitos especialmente degradados nos que a súa delimitación coincida, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC) poderán ser declarados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda, e logo dos informes oportunos, como áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe), de tal xeito que se poidan realizar actuacións de rehabilitación ao mesmo tempo que se articulan medidas sociais, urbanísticas, ambientais e económicas, enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria. Nestes ámbitos cómpre dispoñer dun plan de dinamización como un instrumento estratéxico, que marcará as actuacións que se deben realizar tanto en materia de rehabilitación das vivendas e de protección do patrimonio cultural coma de todas aquelas medidas que contribúan a unha revitalización integral do ámbito.

I.5.- Mediante Resolución do 17 de febreiro de 2020, a Dirección Xeral do IGVS fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de febreiro de 2020, polo que se declara área de rexeneración urbana de interese autonómico o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares (DOG Núm. 38, do 26 de febreiro).

A sinalada declaración supuxo a necesidade de redacción dun Plan de Dinamización (febreiro do 2021) no que se fixan claramente as liñas de actuación para dar resposta as necesidades existentes no ámbito da rehabilitación establecendo a precisión de levar a cabo unha fonda rehabilitación de vivendas baleiras ou en desuso para poder recuperalas co fin de prolongar a súa vida útil, por unha banda, e, por outra, para facilitar a súa ocupación e eliminar así a vivenda baleira. Ocupación que pode ser destinada a vivenda, oficina, uso turístico, negocio en xeral, etc.

Nesta liña, a Resolución do 5 de marzo de 2021 fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de febreiro de 2021, polo que se aproba o Plan de dinamización elaborado polo Concello de Mondoñedo.

En consecuencia, precísanse levar a cabo obras de rehabilitación de vivendas en uso que non reúnen as condicións necesarias para ese fin, así como executar obras de



mellora, mantemento e conservación de edificios para adaptalos ás novas realidades e prolongar a súa vida útil. Incluso, levar a cabo intervencións para poder facer que convivan no mesmo edificio espazos de vida e traballo, fomentando o teletraballo nas mesmas ou fomentando a apertura de negocios na residencia familiar, permitindo así unha mellora nas condicións da conciliación familiar co traballo. Igualmente, precísase levar a cabo melloras nos espazos públicos: parques, zonas vedes, melloras na iluminación, creación dun parque cuberto... Precísase así mesmo unha rehabilitación que se encamiñe á mellora da eficiencia enerxética, mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade universal. Actuacións todas elas, dirixidas a alcanzar o obxectivo da conservación do patrimonio e a recuperación de zonas degradadas, que por ende teñen unha relación e un impacto directo na mellora da economía local, o fortalecemento do tecido empresarial, o aumento do turismo de calidade, a redución do despoboamento, a creación de oportunidades de traballo e a difusión da cultura.

Deste xeito, o Concello de Mondoñedo iniciou o Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico de Mondoñedo (PEPRICH), tal e como se recolle nun bando do 11/11/2021, anunciado, deste xeito, o inicio dos trámites necesarios para actualizar o PEPRICH que está vixente desde o ano 1994. Este novo plan, que se pretende adaptar á normativa actual, propón unha serie de accións necesarias para facilitar a mellora e a rehabilitación dos edificios e das vivendas do conxunto, coa finalidade de acadar a recuperación de todo o seu patrimonio, mellorando as condicións de vida das veciñas e dos veciños e o aprecio e desfrute de todos e todas, tamén o dos seus visitantes.

I.6.- O Concello de Mondoñedo, segundo a Memoria explicativa e Xustificativa das actuacións propostas do 10 de outubro de 2023, presentada polo seu Alcalde o mesmo día, e co gallo de dinamizar a actividade socioeconómica da cidade, manifestou o seu interese en realizar un programa de catro actuacións de carácter prioritario que de seguido se indican:



1. ACTUACIÓN NÚMERO 1: adquisición do inmoble situado na Praza de San Juan, núm. 1, de Mondoñedo, con referencia catastral 2498001PJ3029N0001FT, por un importe máximo de 40.348,61 €.

Coa adquisición do inmoble o Concello pretende ampliar o vial, ademais de promover o desenvolvemento dun estudo de detalle para o ámbito da unidade de actuación.

A edificación que se propón adquirir está incluída dentro da área Rexurbe de Mondoñedo e a súa adquisición resulta clave para poder completar a ampliación do Camiño da Valada.

2. ACTUACIÓN NÚMERO 2: Demolición do inmoble situado na Praza de San Juan, núm. 1 e acondicionamento da parcela, por un importe máximo de 39.742,33 €.

A edificación descrita na actuación anterior, unha vez adquirida polo Concello de Mondoñedo, ten que se demolida debido ao mal estado de conservación da vivenda e á necesidade de ampliación do vial ao que da fronte. Ademais, debe procederse ao acondicionamento de parte da parcela en estado de abandono e pavimentar a parte da parcela correspondente á ampliación do vial do camiño do Sabelo. Pretendese marcar no pavimento o trazado dos antigos muros.

3. ACTUACIÓN NÚMERO 3: Adquisición de parcela con referencia catastral nº 2601040PJ3120S0001YE, para ampliación do estacionamento público, ademais dos traballos previos de limpeza, demolición para acondicionamento de parcela como zona de estacionamento por un importe máximo de 38.000 €.

A alta demanda de espazo para estacionamento no entorno inmediato do concello fai que o espazo de estacionamento situado detrás da Igrexa Nova, que leva dous anos en funcionamento, na travesía de Casas Novas, estea completamente saturado de vehículos dende a súa apertura, especialmente polas mañás.

Para dar resposta a esta situación, o concello prevé a adquisición da parcela sita na travesía de Casas Novas 1 (D), lindeira coa parcela municipal acondicionada para aparcadoiro. Ademais da adquisición da parcela, precísase de traballos de limpeza,



demolición de muros de bloque formigón perimetrais, retirada de entullos a vertedoiro e acondicionamento do terreo.

O estacionamento está incluído dentro da área Rexurbe de Mondoñedo, e a súa ampliación contribúe a eliminar os vehículos do Conxunto Histórico de Mondoñedo

4. ACTUACIÓN NÚMERO 4: Adquisición da parcela con referencia catastral nº 2603020PJ3120S0001TE, unha das parcelas precisas para ampliación de vial no proxecto de mellora de accesibilidade da Rúa Rocha de Vélez por un importe máximo de 15.420 €.

O Concello pretende acometer os traballos de ampliación para a mellora da accesibilidade na rúa Rocha de Vélez para o que resulta preciso adquirir terreo de parcelas lindeiras como é o caso da parcela sita na Rocha de Vélez con referencia catastral nº 2603020PJ3120S0001TE.

I.8.- O artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, regula o réxime de concesión directa de subvencións, establecendo que:

1. A resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na presente Lei.

2. As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, haberán de axustarse ás previsións contidas na presente Lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública; b) Réxime xurídico aplicable; c) Beneficiarios e modalidades de axuda; e d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.





3. A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

I.9.-Así mesmo, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, establece no seu artigo 40 que:

1. A concesión directa de subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública poderá instrumentarse a través de resolución ou convenio que, en todo caso, deberán axustarse ás previsións contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Beneficiarios e modalidades de axuda.
- c) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiario se fosen varios.
- d) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste Regulamento, deberán achegar os beneficiarios.
- f) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e, no seu caso, da entidade colaboradora do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.





g) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2. O expediente incluirá, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Unha memoria, na que se xustifique claramente e de maneira detallada, as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter excepcional.

b) Os informes previstos no artigo 18.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

c) As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que autorice a subscribir.

3. Cando a subvención sexa concedida mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros ou teña carácter plurianual, a aprobación do convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia (en consonancia co disposto no art.50.2,g) da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia).

I.10.- O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, asenta determinadas particulares nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións financiadas integramente con fondos propios da comunidade autónoma nas que os beneficiarios sexan entidades locais:

1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se contabilizou o recoñecemento da obrigación polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de





sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

Con todo, no caso de realizarse pagos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

2. Por outra banda, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais teñan cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Excepcionalmente, o Consello de la Xunta de Galicia poderá autorizar a exención do cumprimento do requisito establecido no parágrafo anterior naqueles supostos nos que a non concesión da subvención puidese afectar ao normal desenvolvemento dos servizos públicos esenciais.

I.11.- En relación co procedemento de aprobación de gasto, pagamento e xustificación debe atenderse ao regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, de xeito que:

Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.





No caso das entidades locais, estas deberán presentar conta xustificativa de acordo co especificado nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagos a conta. Devanditos pagos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías haberán de establecerse, no seu caso, expresamente nas bases reguladoras da subvención.

Nos casos de subvencións de capital outorgadas a un entidade local, as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagos anticipados de ata un 50% da subvención concedida naqueles supostos en que o investimento esixa pagos inmediatos e sen que se exceda a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Excepcionalmente, previa xustificación da súa necesidade, ou Consello da Xunta poderá autorizar a modificación das porcentaxes sinaladas.

As subvencións de capital instrumentadas mediante convenio xestionaranse nos termos previstos no devandito documento sen que sexan de aplicación as limitacións previstas anteriormente, debendo facer referencia expresa, non seu caso, á posibilidade de efectuar pagos anticipados.





En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitase a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se atopen declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou sexan inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que houbera concluído o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Por último, e acordo co artigo 65.4, c) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades locais quedan exoneradas da constitución de garantía.

Tendo en consideración as razóns expresadas, así como los límites do marco legal previamente definido, identifícase a necesidade de formalizar un convenio co Concello de Mondoñedo para a concesión da subvención.

II.- CONTIDO BÁSICO

1) Obxecto e xustificación da concesión directa da subvención a través de instrumento convencional. Declaración da imposibilidade de promover a concorrencia pública.

O convenio ten por obxecto regular o réxime de concesión directa dunha subvención por parte do IGVS ao Concello de Mondoñedo por un importe total de CENTO TRINTA E TRES MIL CINCOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (133.510,94 €) coa finalidade de financiar un programa de catro actuacións que contribúen a mellorar as condicións de accesibilidade e mobilidade



na área Rexurbe de Mondoñedo, concretamente ao Conxunto Histórico da Cidade de Mondoñedo.

Este instrumento convencional formalízase ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e do artigo 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e terá carácter de subvención de concesión directa por mor da súa singularidade, así como polas razóns que acreditan o seu evidente interese social: a conservación e rehabilitación do patrimonio; a intervención sobre espazos públicos e equipamentos ca fin de mellorar a accesibilidade e mobilidade nas áreas definidas, acadando un avance nas condicións de vida dos veciños e veciñas do Concello de Mondoñedo; así como a dinamización dos sectores turístico e económico coa creación de novos atractivos espaciais cun evidente beneficio para os locais comerciais de ámbito municipal.

Deste xeito, establécese unha cooperación co Concello de Mondoñedo para que coa realización das actuacións subvencionables se contribúa, no marco das actuacións integrais de mellora descritas, á valorización do seu atractivo patrimonial, residencial e de contorna e, por ende, a dinamizar a súa actividade económica.

Todas elas constitúen razóns suficientes que acreditan os intereses público, social e económico, que xustifican, xunto coa súa especificidade ao vincularse a un ámbito espacial moi específico, a improcedencia da súa convocatoria pública con relación no outorgamento da referida subvención.

Do mesmo xeito, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014. Así mesmo, estase a cumprir as condicións establecidas no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



2) Relación de actuacións subvencionadas

1. ACTUACIÓN NÚMERO 1: adquisición do inmoble situado na Praza de San Juan, núm. 1, de Mondoñedo, con referencia catastral 2498001PJ3029N0001FT, por un importe máximo de 40.348,61 €.

Coa adquisición do inmoble o Concello pretende ampliar o vial, ademais de promover o desenvolvemento dun estudo de detalle para o ámbito da unidade de actuación.

A edificación que se propón adquirir está incluída dentro da área Rexurbe de Mondoñedo e a súa adquisición resulta clave para poder completar a ampliación do Camiño da Valada.

2. ACTUACIÓN NÚMERO 2: Demolición do inmoble situado na Praza de San Juan, núm. 1 e acondicionamento da parcela, por un importe máximo de 39.742,33 €.

A edificación descrita na actuación anterior, unha vez adquirida polo Concello de Mondoñedo, ten que se demolida debido ao mal estado de conservación da vivenda e á necesidade de ampliación do vial ao que da fronte. Ademais, debe procederse ao acondicionamento de parte da parcela en estado de abandono e pavimentar a parte da parcela correspondente á ampliación do vial do camiño do Sabelo. Pretendese marcar no pavimento o trazado dos antigos muros.

3. ACTUACIÓN NÚMERO 3: Adquisición de parcela con referencia catastral nº 2601040PJ3120S0001YE, para ampliación do estacionamento público, ademais dos traballos previos de limpeza, demolición para acondicionamento de parcela como zona de estacionamento por un importe máximo de 38.000 €.

A alta demanda de espazo para estacionamento no entorno inmediato do concello fai que o espazo de estacionamento situado detrás da Igrexa Nova, que leva dous anos en funcionamento, na travesía de Casas Novas, estea completamente saturado de vehículos dende a súa apertura, especialmente polas mañás.



Para dar resposta a esta situación, o concello prevé a adquisición da parcela sita na travesía de Casas Novas 1 (D), lindeira coa parcela municipal acondicionada para aparcadoiro. Ademais da adquisición da parcela, precísase de traballos de limpeza, demolición de muros de bloque formigón perimetrais, retirada de entullos a vertedoiro e acondicionamento do terreo.

O estacionamento está incluído dentro da área Rexurbe de Mondoñedo, e a súa ampliación contribúe a eliminar os vehículos do Conxunto Histórico de Mondoñedo

4. ACTUACIÓN NÚMERO 4: Adquisición da parcela con referencia catastral nº 2603020PJ3120S0001TE, unha das parcelas precisas para ampliación de vial no proxecto de mellora de accesibilidade da Rúa Rocha de Vélez por un importe máximo de 15.420 €.

O Concello pretende acometer os traballos de ampliación para a mellora da accesibilidade na rúa Rocha de Vélez para o que resulta preciso adquirir terreo de parcelas lindeiras como é o caso da parcela sita na Rocha de Vélez con referencia catastral nº 2603020PJ3120S0001TE.

3) Réxime xurídico

En todo o non previsto neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Este convenio ten natureza administrativa, A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

4) Contía da subvención

O IGVS concede unha subvención ao Concello de Mondoñedo por importe de CENTRO TRINTA E TRES MIL CINCOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (133.510,94 €) que serán financiados con cargo á aplicación



orxamentaria 08.81.451A.760.3, proxecto 2017 00008, dos orxamentos xerais do IGVS para o ano 20223 e a correspondente ao exercicio 2024, a fin de financiar as actuacións subvencionadas, subvención que se distribúe nas seguintes anualidades:

ACTUACIÓN	ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024	TOTAIS
Actuación número 1	40.348,61 €		40.348,61 €
Actuación número 2		39.742,33 €	39.742,33 €
Actuación número 3		38.000,00 €	38.000,00 €
Actuación número 4	15.420,00 €		15.420,00 €
Totais	55.768,61 €	77.742,33 €	133.510,94 €

O importe da subvención concedida non poderá superar en ningún caso o custo da actuación ou actividade que vaia desenvolver a entidade solicitante, nin o importe total do correspondente concepto de gasto, polo que no caso de que o importe concedido supere o custo das actividades ou gastos subvencionables, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o dito importe.

5) Xustificación da subvención

De acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lai 9/2007, do 13 de xuño, e no previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello deberá xustificar ante o IGVS o cumprimento da finalidade do convenio, a realización da actividade e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto nos artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, no caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta



xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obrigação polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e rexistrado/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) No seu caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, no suposto da execución de obras por administración, a conta xustificativa incluírá unha certificación da Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa, que conterá unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe, con identificación do/a acredor/a e do documento, importe e data de emisión.

Ademais, deberá incluírse unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.



No caso da execución de obras pola administración poderase imputar os gastos de persoal propio da entidade local.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Tendo en conta a dita obriga, establécense as seguintes datas límite de xustificación, de acordo co principio de anualidade orzamentaria:

-Para os gastos efectivamente realizados durante a anualidade 2023, a data límite de xustificación será o 12 de decembro de 2023.

-Para os gastos efectivamente realizados durante a anualidade 2024, a data límite de xustificación será o 12 de decembro de 2024.

-No caso de prórroga temporal, para os gastos efectivamente realizados durante a anualidade 2025, a data límite de xustificación será o 12 de decembro de 2025.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondente, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro do ano posterior.

6) Pagamento da subvención

Respecto ao pagamento da subvención estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.



O pagamento realizarase previa xustificación do beneficiario da realización das actuacións obxecto da subvención

O IGVS poderá aboar a subvención mediante pagamentos a conta das actuacións realizadas unha vez sexan xustificadas polo Concello de Mondoñedo mediante a documentación acreditativa da súa realización, ou por medio das certificacións correspondentes no caso de realización das obras.

O IGVS poderá realizar pagos anticipados, a petición do concello, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O importe do outorgado mediante anticipo non poderá superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada da persoa titular da dirección xeral do IGVS.

De acordo co disposto nos artigos 67 e 65.4, c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e como entidade local, queda exonerada da constitución de garantía.

O libramento farase na conta bancaria de titularidade municipal que indique o concello.

7) Compatibilidade con outras axudas

Ao financiar o 100% das actuacións propostas, estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas e ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.

8) Obrigas do Concello de Mondoñedo

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, e en virtude do presente convenio, o Concello de Mondoñedo obrígase a:

a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos especificados na memoria presentada, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo desta. De xeito



particular, obrigarse a destinar o inmovible e as parcelas que pretende adquirir ás finalidades especificadas. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen:



“subvencionado pola Xunta de Galicia – Vicepresidencia Segunda e Conselleira Medio Ambiente, Territorio e Vivenda”, co seu respectivo logotipo.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

Do mesmo xeito, de acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello de Mondoñedo terá a obrigaón como beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

9) Incumprimentos, reintegros e sancións

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda da subvención e, de ser o caso, o reintegro das cantidades percibidas como anticipos ou pagos a conta na parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na incumprimento das obrigas contidas neste convenio, no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, o IGVS poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.



Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Documento asinado dixitalmente.

A Secretaria Xeral do IGVS

María Ángeles Domínguez Franjo

